



## **A Oficina de Turismo de Noia recibeu máis de 4.000 visitantes durante os meses de xullo e agosto**

**O Goberno Local, que dirixe Miguel Paz, valora positivamente o funcionamento da Oficina de Turismo do concello de Noia durante os meses de xullo e agosto.**

**A Concelleira de Turismo, Marisol Villar destacou “o importante traballo realizado nestos dous meses pola técnica de información turística, o que nos permitiu ademais coñecer polo miúdo a procedencia daqueles turistas que visitando Noia pasaron pola Oficina e cubriron un formulario cos seus datos”.**

**Así cabe destacar a relevante base estadística que se foi configurando neste ámbito, o que permite coñecer de forma diferenciada aos turistas doutros Estados distinguíndoos dos turistas procedentes do resto do Estado.**

**Foron 726 os turistas extranxeiros que visitaron Noia procedentes de forma maioritaria de países como Francia, Alemania e Italia.**

**Tamén destacan dentro dos máis de 3.000 visitantes procedentes das diferentes Comunidades Autónomas, os provintes de Madrid, Cataluña, País Vasco e Andalucía, que son os máis numerosos (ver anexo I).**

**“Foi posible contratar ao persoal técnico grazas a unha subvención da Deputación Provincial da Coruña e tamén grazas aos fondos propios que se aportaron dende o Concello”.**

**Villar considera “un bo resultado” o dato de visitantes que pasaron pola Oficina de Turismo nestes dous meses do ano, que ascende a 4.070 cidadáns que fixeron uso do servizo municipal de información turística**

**O Goberno Local que dirixe Miguel Paz ten pensado impulsar o departamento de Turismo ao longo do ano 2016, e consideran “unha prioridade da nosa acción de goberno a política turística”.**

*Comunicacións.  
Concello de Noia.*